

MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

PROXECTOS EDUCATIVOS A DISTANCIA

Curso 2025/2026




MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA





QUE PREFIRES?



①

Escolle, solicita e comeza

②

Un proxecto á medida

③

**Aprendendo con
Isaac Díaz Pardo**

O **Museo de Belas Artes da Coruña** presenta para o **curso 2025/2026** tres posibilidades para realizar **proxectos educativos a distancia**, todos eles co obxectivo de achegar o patrimonio artístico e cultural ao alumnado sen necesidade de desprazamento.

Esta iniciativa foi pensada para **todos os niveis educativos**, dende Educación Infantil, Primaria, Secundaria e Bacharelato, adaptándose a cada un deles e facilitando a **participación activa do profesorado** no proceso.

As diferentes actividades deseñadas para cada proposta buscan favorecer unha **aprendizaxe significativa**, que esperte a **curiosidade** e estimule a **creatividade** do alumnado, fomentando o **pensamento crítico a través do contacto coa arte**.

Con esta oferta educativa queremos seguir sendo un **espazo de aprendizaxe aberto, accesible e conectado coa comunidade**, permitíndolle aos centros levar os contidos do museo a súa contorna para traballar dende novas perspectivas que fomenten un vínculo máis estreito, tanto profesional como emocional, entre **o museo e a escola**.





Escolle, solicita e comeza

PROXECTOS LISTOS PARA LEVAR Á AULA

Durante o pasado curso, o Departamento de Didáctica actualizou **dous proxectos que xa se levaron a cabo** con resultados moi positivos. Nesta reelaboración adaptáronse as actividades **para poder realizarse dun xeito xeral por todo aquel centro educativo que teña interese**, ademais de crear **novos materiais complementarios** cos que mellorar a experiencia dende as aulas.

Cada proxecto conta con diferentes **tarefas**, cada unha coa súa correspondente **documentación explicativa** que será **enviada periodicamente** nos prazos que solicite o centro, podendo adaptar a duración da proposta dende un só trimestre a todo o curso. Como peche, existe a **posibilidade** de realizar unha **actividade final de xeito presencial** no museo.

Dende a **páxina web** do museo podedes consultar máis información arredor de cada un deles, atopando un **vídeo de presentación** e un pequeno **dossier** onde se recollen as obras a traballar e se explican brevemente as dinámicas empregadas para iso.

<https://museobelasartescoruna.xunta.gal/gl/educacion/proxectos-educativos>



Un museo POLO miúdo

Educación infantil e primaria

Como xurdiu o Museo de Belas Artes da Coruña? Que pezas conforman a súa colección? Que persoas traballan nel e cales son as súas funcións? Para que serve un museo? Con este proxecto resolveremos todas as cuestións plantexadas anteriormente ademais de coñecer algúns dos seus segredos e curiosidades.



territorios

ESO e BACH

O territorio como un espazo físico pero tamén afectivo e biográfico. Neste proxecto plantexamos unha serie de exercicios nos que, a través dun corpo teórico, xeramos unha investigación propia sobre a vosa contorna, para posteriormente realizar un proceso creativo co que reinterpretar as pezas traballadas a través de metodoloxías propias da arte contemporánea.





2


Un proxecto á medida

DESEÑAMOS CONTIGO UNHA PROPOSTA TEMÁTICA

Dende o Museo de Belas Artes da Coruña ofertamos a posibilidade de deseñar **propostas didácticas que se adapten aos vosos gustos ou intereses.**

Para iso só tedes que poñervos en contacto e comunicarnos sobre que **tema, idea, autor/a...** vos interesa traballar, e dun xeito conxunto argallaremos un proxecto inesquecible para o voso alumnado.

Non é preciso que a temática esté relacionada co mundo da arte, xa que a idea desta iniciativa é **atopar vínculos** entre os contidos curriculares e o patrimonio, creando relacións que lle mostren aos máis novos e novas a importancia e a presenza da cultura no seu día a día.



Esta iniciativa xurdiu tras a solicitude por parte do **CEIP de Arzúa** dunha **colaboración** que se mantivo durante anos chegando a actualidade e que deu como resultado proxectos como **"Un mundo nun museo"** (traballamos a multiculturalidade), **"Auga, fonte de vida"** (reflexionamos sobre o uso responsable dos recursos naturais), **"EmocionArte"** (aprendemos a identificar as emocións e comprendernos a nós e aos demais), ou **"A maxia do rural"** (achegámonos ao mundo rural a través de diferentes aspectos: mitoloxía, tradicións, oficios, festividades...).

Para este novo curso gustaríanos **ampliar esta rede colaborativa** animándovos a compartir con nós os vosos intereses, para así crear a través do diálogo **proxectos que se adapten as vosas necesidades:** nivel educativo, tipoloxía de actividades, preferencia por determinados materiais complementarios, prazos de envío...

Estamos desexando escoitar as vosas ideas!





Aprendendo con Isaac Díaz Pardo



ACTIVIDADES COS QUE ACHEGARNOS A SÚA VIDA E OBRA



O Museo de Belas Artes da Coruña inaugurou o 19 de xuño de 2025 a exposición ***A barca de Caronte. A travesía vital de Isaac Díaz Pardo***. A mostra percorre a traxectoria do artista dende a súa primeira etapa pictórica ata a derradeira onde o deseño é o protagonista da súa obra.

Co inicio do novo curso comezaremos tamén as **visitas guiadas** adaptadas aos diferentes niveis educativos e poñeremos á disposición dos centros que os soliciten, **materiais didácticos** cos que achegarse a esta figura fundamental da nosa cultura a través de diferentes actividades.

A partir de setembro estará dispoñible o proxecto educativo a distancia ***Aprendendo con Isaac Díaz Pardo***, deseñado non só para os grupos que veñan presencialmente ao museo a visitar a mostra, senón tamén para todos aqueles que queiran **profundizar na súa vida e obra**, descubrindo as **múltiples facetas** deste autor e poñéndoo en práctica a través de diferentes **tarefas artísticas**: cerámica, cómic, deseño, debuxo...

Aproveitamos para animarvos a revisar o apartado de educación da nosa páxina web, podendo atopar en **"Escolma de artistas"** unha explicación adaptada sobre outras figuras destacadas da colección cunha **guía didáctica** adxunta sobre cada unha, para poder **traballar sobre elas de xeito autónomo na aula**.



PARA RESERVAS OU MÁIS INFORMACIÓN



881.881.700



museobelasartescoruna.xunta.gal



mu.belas.artes.difusion@xunta.gal



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA

